

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### ASISTENTES

**Presidente:** Manuel Meizoso López (*alcalde*)

**Vocais:** Jaime Barcia Rodríguez (*vocal, concelleiro delegado de Obras e Servizos*)  
Marcos Rodríguez Calvo (*vocal, concelleiro do Grupo Municipal de AIAC*)  
José Antonio Meizoso Paz (*secretario-interventor do Concello da Capela*)

**Secretaria:** Olga Galdo López (*funcionaria municipal*)

Desculpa a súa asistencia o vocal do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy.

**Día:** 2 de febreiro de 2018

**Hora:** 9:00 h.

**Lugar:** Salón de sesións da Casa do Concello

### Orde do día:

**1** Lectura e aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior do día 11 de xaneiro de 2018.

**2** Apertura do sobre "A" (Documentación) correspondente á licitación e contratación da obra denominada "Mellora de camiños municipais: Fornelos, Os Carballás, Formariz e A Veiga " (Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 – AGADER). Expediente 2018/C003/000002

**3** Apertura do sobre "C" (Oferta económica) correspondente á licitación e contratación da obra denominada "Mellora de camiños municipais: Fornelos, Os Carballás, Formariz e A Veiga " (Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 – AGADER). Expediente 2018/C003/000002

**4** Apertura do sobre "A" (Documentación) correspondente á licitación e contratación do subministro denominado "Mellora da iluminación pública nos Enxertados, Os Calzados e outros" (POS+ Adicional 1/2017). Expediente 2017/C005/000002

**5** Apertura do sobre “C” (Oferta económica) correspondente á licitación e contratación do subministro denominado “Mellora da iluminación pública nos Enxertados, Os Calzados e outros” (POS+ Adicional 1/2017). Expediente 2017/C005/000002

## DELIBERACIÓNS

### **1** Lectura e aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior do día 11 de xaneiro de 2018

A secretaria da mesa dá lectura á acta da mesa de contratación realizada o día 11 de xaneiro de 2018, que os membros da mesa asistentes á sesión aproban por unanimidade.

### **2** Apertura do sobre “A” (Documentación) correspondente á licitación e contratación da obra denominada “Mellora de camiños municipais: Fornelos, Os Carballás, Formariz e A Veiga ” (Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 – AGADER). Expediente 2018/C003/000002

A secretaria da mesa dá conta da relación de empresas que se presentaron, no prazo establecido ao efecto, á licitación de referencia e que se detallan a continuación

EMPRESA	Nº REXISTRO ENTRADA
CONSTRUCCIONES CANOSA, S. L.	2018/0065
TRANSPORTES CANOSA E HIJOS, S. L.	2018/0066
EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S. L.	2018/0070
OBRAS Y VIALES CERNE, S. L.	2018/0072
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S. L.	2018/0074
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S. L. U.	2018/0075
AGADA OCCIDENTE, S. L.	2018/0076
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S. L.	2018/0077
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S A.	2018/0078
SYR-AMG, S. L. U.	2018/0079
VILLASUSO ORTEGAL, S. L.	2018/0080
EXCAVACIONES SANTIÑOS, S. L.	2018/0081
ASFALGAL, S. L.	2018/0082
HORDESCON, S. L.	2018/0083

A continuación o presidente da mesa comeza a apertura dos sobres "A" (documentación administrativa). Todas as empresas presentan a documentación de acordo co esixido no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente licitación e contratación.

**3 Apertura do sobre "C" (Oferta económica) correspondente á licitación e contratación da obra denominada "Mellora de camiños municipais: Fornelos, Os Carballás, Formariz e A Veiga " (Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 – AGADER). Expediente 2018/C003/000002**

Asiste á apertura dos sobres "C" o representante da Asociación Provincial de Empresarios da construción de A Coruña (APECCO).

O presidente da mesa abre os sobres "C" (oferta económica), co seguinte resultado:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA (IVE INCLUÍDO)
CONSTRUCCIONES CANOSA, S. L.	44.021,67 €
TRANSPORTES CANOSA E HIJOS, S. L.	43.050,11 €
EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S. L.	28.599,00 €
OBRAS Y VIALES CERNE, S. L.	30.830,80 €
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S. L.	29.706,71 €
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S. L. U.	26.316,35 €
AGADA OCCIDENTE, S. L.	29.378,00 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S. L.	35.235,85 €
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S A.	27.950,00 €
SYR-AMG, S. L. U.	30.845,15 €
VILLASUSO ORTEGAL, S. L.	32.375,97 €
EXCAVACIONES SANTIÑOS, S. L.	29.521,58 €
ASFALGAL, S. L.	35.573,59 €
HORDESCON, S. L.	36.235,19 €

Revisada a documentación dos sobres “C”, constátase que as empresas Construcciones Leonardo Miguélez, S. L. e Excavaciones Santiños, S. L. concorren vinculadas, polo que se debe de tomar en consideración a oferta económica máis baixa das presentadas por ámbalas dúas empresas.

A secretaria da mesa introduce os datos no programa de valoración de ofertas da Deputación Provincial resultando que as ofertas presentadas polas empresas **GR Construcciones, Obras y Servicios, S. L. U.**, que ascende á cantidade de **26.316,35 €** (IVE incluído) e **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.**, que ascende á cantidade de **27.950,00 € (IVE incluído)**, incorren en baixa temeraria.

O presidente da mesa propón, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente licitación, solicitarlles a estas empresas que xustifiquen, no prazo de cinco días hábiles, as súas ofertas presentando a documentación que se estipula no apartado 3.3 da cláusula 15 do mencionado prego.

**4 Apertura do sobre “A” (Documentación) correspondente á licitación e contratación do subministro denominado “Mellora da iluminación pública nos Enxertados, Os Calzados e outros” (POS+ Adicional 1/2017). Expediente 2017/C005/000002**

A secretaria da mesa dá conta da relación de empresas que se presentaron, no prazo establecido ao efecto, á licitación de referencia e que se detallan a continuación

<b>EMPRESA</b>	<b>Nº REXISTRO DE ENTRADA</b>
CONSECYR,S.L.	2018/0058
HALLMANN ENERGIE, S.L.	2018/0083
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	2018/0089
TRANSPORTES CANOSA E HIJOS, S.L.	2018/0090
TECNICA NORTE ELECTRICIDAD, S.L.	2018/0095
JAVIER Y OSCAR, S.C.	2018/0096
PROYMEL MONTAJES, S.L.	2018/0097
EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L.	2018/0100
MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.	2018/0101

IMESAPI, S.A.	2018/0102
FORMATESA LALIN, S.L.	2018/0103

Queda excluída do procedemento de licitación a empresa Alumbrados Viarios, S. A. (ALUVISA), que presentou a documentación fora do prazo establecido para o efecto.

A continuación o presidente da mesa comeza a apertura dos sobres “A” (documentación administrativa) da licitación de referencia. Todas as empresas presentan a documentación de acordo co esixido no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente licitación e contratación.

**5 Apertura do sobre “C” (Oferta económica) correspondente á licitación e contratación do subministro denominado “Mellora da iluminación pública nos Enxertados, Os Calzados e outros” (POS+ Adicional 1/2017). Expediente 2017/C005/000002**

Asiste á apertura dos sobres “C” o representante da Asociación Provincial de Empresarios da construción de A Coruña (APECCO).

O presidente da mesa abre os sobres “C” (oferta económica) co resultado que se detalla no seguinte cadro:

<b>EMPRESA</b>	<b>OFERTA ECONÓMICA (IVE INCLUÍDO)</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
CONSECYR,S.L.	<b>16.214,00</b>	<b>100,00</b>
HALLMANN ENERGIE, S.L.	<b>22.977,90</b>	<b>70,60</b>
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	<b>26.595,00</b>	<b>61,00</b>
TRANSPORTES CANOSA E HIJOS, S.L.	<b>26.400,00</b>	<b>61,40</b>
TECNICA NORTE ELECTRICIDAD, S.L.	<b>16.456,00</b>	<b>98,50</b>
JAVIER Y OSCAR, S.C.	<b>18.300,00</b>	<b>88,60</b>
PROYMEL MONTAJES, S.L.	<b>17.375,60</b>	<b>93,30</b>
EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S. L.	<b>27.900,00</b>	<b>58,10</b>

MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.	<b>20.555,24</b>	<b>78,90</b>
IMESAPI, S.A.	<b>23.609,05</b>	<b>68,70</b>
FORMATESA LALIN, S.L.	<b>18.073,77</b>	<b>89,70</b>

A mesa de contratación, por unanimidade dos membros asistentes á sesión, acordan propoñer ao órgano de contratación competente, Alcalde-Presidente, a adxudicación do subministro denominado “Mellora da iluminación pública nos Enxertados, Os Calzados e outros” á empresa que presentou a oferta económica máis vantaxosa **Consecyr, S. L.**, polo importe de **16.214,00 € (IVE incluído)**.

Sen máis asuntos sobre os que deliberar, o presidente da mesa da por finalizada a sesión ás 9:56 horas, de todo o cal eu, secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria